



REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Coruña ten como finalidade fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesma ou por medio de representantes. O dereito á participación está recollido na Constitución española de 1978.

A cidadanía debe poder comunicarlles directamente aos seus gobernantes cales son as súas necesidades e inquiredanzas. Só desta forma se conseguirá satisfacer as necesidades xerais.

É imprescindible que as cidadás e os cidadáns poidan formar parte do proceso de toma de decisións.

No caso concreto dos municipios, o dereito de participación faise máis factible por se tratar dunha Administración cunha relación máis próxima á cidadanía.

As coruñesas e os coruñeses deben poder participar da xestión municipal, de tal xeito que poidan axudar a construír o futuro da súa cidade. Para isto, a participación debe ser transversal e afectarlles ao maior número posible de políticas públicas levadas a cabo polo Goberno municipal. Neste sentido, pronúnciase o artigo 2 do Regulamento orgánico municipal (ROM).

O dereito á participación pódese facer efectivo a través de varios mecanismos. Un deles é a creación de consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas.

A principal ferramenta utilizada polo Concello da Coruña para lograr a participación da cidadanía nas decisións políticas do municipio foi a aprobación do Regulamento orgánico de participación cidadá, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13/12/2004).

Este regulamento ten por obxectivo establecer os procedementos e órganos que fagan efectiva a participación dos veciños e veciñas da Coruña na vida pública local.

Baseándose no regulamento mencionado, ao longo do tempo, o Concello da Coruña creou diferentes órganos de participación da cidadanía.

Preténdese agora avanzar máis aló, coa posta en marcha deste tipo de órganos, mediante a aprobación das normas de organización e funcionamento do **Consello Local da Infancia e da Adolescencia da Coruña (CLIAC)**.

O CLIAC é un órgano consultivo e de participación conxunta da infancia e adolescencia da cidade da Coruña nos asuntos municipais. Un espazo específico para a participación activa das persoas menores de idade no marco das políticas públicas do goberno local.



Concello da Coruña

As nenas, nenos e adolescentes son persoas, titulares de dereitos e obrigas, que deben ser considerados á hora da toma de decisións. Isto queda recollido na Convención sobre os Dereitos do/a Neno/a, aprobada o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de novembro de 1990.

A nosa norma fundamental, a Constitución Española (CE), no seu artigo 9.2 establece que corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O artigo 23 establece o recoñecemento do dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos.

Por último, o artigo 48 regula que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada por leis orgánicas posteriores, recolle no seu artigo 2 o “**Interese superior do menor**”, no sentido de que todo menor de idade ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle afecten, tanto no ámbito público como no privado.

Neste sentido, unha Administración Pública, na súa toma de decisións, debe ter en conta:

- a) A protección do dereito á vida do menor, a supervivencia e desenvolvemento do menor e a satisfacción das súas necesidades básicas, tanto materiais, como físicas e educativas, emocionais e afectivas.
- b) A consideración dos seus desexos, sentimentos, opinións, así como o seu dereito a participar progresivamente, en función da súa idade, madurez, desenvolvemento e evolución persoal, no proceso de determinación do seu interese superior.
- c) A conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nun entorno familiar adecuado e libre de violencia. Ao que debemos engadir, un entorno educativo e de ocio sen violencia nin discriminación.
- d) A preservación da súa identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma, así como a non discriminación do menor por estas ou outras condicións, incluída a discapacidade, garantindo o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

Todos estes criterios pódense tendo en conta a idade e madurez do menor, a necesidade de garantir a igualdade e non discriminación, a necesidade de lograr unha adaptación do menor á sociedade e a preparación do tránsito á idade adulta e independente.

É dicir, as persoas menores de idade teñen dereito a ser escoitadas sen discriminación ningunha por idade, discapacidade ou calquera outra razón, tanto no ámbito familiar como en procedementos administrativos e xudiciais, tendo en conta a súa idade e madurez, e respectando o interese xeral.

O Consello Local da Infancia e da Adolescencia da Coruña (CLIAC) daralle voz aos menores de idade coruñeses e coruñesas que queiran participar nel e que representarán aos nenos e nenas desta cidade.



Concello da Coruña

O CLIAC créase como un órgano colexiado e de participación do menor en todos os ámbitos e toma de decisións que poidan afectar ao Concello da Coruña, dentro das súas competencias, e tamén en aquelas competencias que aínda que non sexan municipais, poidan afectar dalgunha maneira aos menores e ás súas familias.

Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede.

O CLIAC é un órgano de participación que pretende servir de espazo de encontro, relación e convivencia entre nenos e nenas, tanto de idade infantil como adolescencia.

Neste Consello os menores terán dereito á expresarse libremente e a seren informados das súas inquiredanzas e das políticas públicas levadas a cabo polo Concello da Coruña que poidan afectarlle.

O Concello da Coruña, tomará en consideración as súas opinións e desexos e, na medida do posible, orientará as súas políticas públicas ao logro dos intereses dos/as menores.

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Educación, levará a cabo accións e programas que contribúan a amosarlle ás nenas, nenos e adolescentes que formen parte do CLIAC a realidade social desta cidade, a Cultura, a Memoria, a protección do Medio Ambiente, a Igualdade e a tolerancia e respecto por todos e todas, de tal forma que se contribúa a que as persoas menores de idade teñan unha base de coñecementos sólida da sociedade e realidade na que viven que lles permita tomar decisións e alcanzar a idade adulta de forma independente.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto das normas

Estas normas teñen por obxecto regular a creación, composición e funcionamento do Consello Local da Infancia e Adolescencia da Coruña (CLIAC).

O Consello créase ao abeiro do que establecen o artigo 2 do Regulamento de participación cidadá do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP núm. 285, do 13/12/2004).

TÍTULO PRIMEIRO. O CONSELLO LOCAL DA INFANCIA E ADOLESCENCIA DA CORUÑA

Artigo 2. Natureza, adscrición e finalidade

O Consello Local da Infancia e Adolescencia da Coruña (CLIAC) é un órgano consultivo e de participación, sen personalidade xurídica propia, cuxo fin é articular a intervención das nenas, nenos e adolescentes da cidade da Coruña, facilitándolles un espazo para que expresen e propoñan ideas que se terán en conta na toma de decisións do Concello da Coruña, no ámbito daquelas cuestións que lles afecten directa ou indirectamente, sempre e cando se respecte o interese xeral.



Concello da Coruña

No CLIAC as persoas menores de idade poderán participar plenamente, en función do seu desenvolvemento e capacidade, na vida social, cultural, artística e recreativa da súa contorna, así como naqueles asuntos que afecten directamente á súa educación que sexan competencia do Concello da Coruña.

O CLIAC está adscrito á concellaría que teña as competencias delegadas en materia de Educación.

A finalidade é crear un órgano específico para a participación activa da infancia e adolescencia onde os nenos, nenas e adolescentes adquiran un protagonismo real, colaborativo e voluntario, fomentando o desenvolvemento das súas capacidades e a asunción das responsabilidades, para a promoción do diálogo entre o Consello e o Concello da Coruña.

Artigo 3. Composición

O Consello Local da Infancia e Adolescencia da Coruña ten a seguinte composición:

- a) Presidencia: está presidido pola persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña ou pola concelleira ou concelleiro en quen delegar.
- b) Vicepresidencia: o/a concelleiro/a que sexa responsable da Área de Educación do Concello da Coruña.
- c) Secretaría: unha persoa funcionaria adscrita á Área de Educación do Concello da Coruña que sexa designada pola Presidencia.
- d) Vogais: as nenas, nenos e adolescentes de Colexios e centros de ESO da cidade da Coruña que cursen 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO, tanto de centros públicos, privados como concertados.

Artigo 4. A Presidencia

A Presidencia do Consello correspóndelle á persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña ou concelleiro ou concelleira na que delegue.

A Presidencia exerce as seguintes funcións:

- a) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.
- b) Exercer a representación do Consello, de acordo co establecido nestas normas.



Concello da Coruña

- c) Nomear as nenas, nenos e adolescentes membros do Consello, por proposta da Concellaría responsable da Área de Educación.
- d) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno.
- e) Presidir as sesións do Pleno, moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.
- f) Fixar a orde do día das sesións do Pleno tendo en conta as propostas e peticións dos seus membros.
- g) Visar as actas e certificar os acordos do Consello.
- h) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- i) Cantas outras sexan inherentes á súa condición de presidenta/e que lle atribúan as normas de organización e funcionamento deste Consello.

Artigo 5. A Vicepresidencia

A vicepresidencia correspóndelle á persoa titular da área de Educación do Concello da Coruña.

A Vicepresidencia encargarase de colaborar coa Presidencia no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

A Vicepresidencia, ademais, servirá de canle de comunicación entre a comunidade educativa e o Concello da Coruña.

Artigo 6. Vogais

Serán vogais do Consello as nenas, nenos e adolescentes de Colexios e centros de ESO da cidade da Coruña que cursen 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO, tanto de centros públicos, privados como concertados.

O CLIAC estará integrado por un máximo de 45 vogais, que se repartirán da seguinte forma:

- 30 vogais de Colexios públicos, privados e concertados. En todo caso, deberá haber un reparto proporcional en atención ó alumnado matriculado en cada tipo de centro (público, privado, concertado), segundo datos oficiais e actualizados da Consellería de Educación. Excepcionalmente, en caso de que non sexa posible ter acceso a



datos actualizados sobre o alumando matriculado en cada categoría de centro, o reparto será equitativo a discreción da Concellaría de Educación.

- 15 vogais de centros de ESO públicos, privados e concertados. En todo caso, deberá haber un reparto proporcional en atención ó alumnado matriculado en cada tipo de centro (público, privado, concertado), segundo datos oficiais e actualizados da Consellería de Educación. Excepcionalmente, en caso de que non sexa posible ter acceso a datos actualizados sobre o alumando matriculado en cada categoría de centro, o reparto será equitativo a discreción da Concellaría de Educación.
- No caso de que un colexio concertado ou privado teña integrado ESO, deberá presentar candidaturas de forma independente para primaria e para ESO.

No caso de que as candidaturas por cada tipo de centro non cheguen ao número máximo establecido no reparto equitativo, realizarase un reparto proporcional outorgándolle un maior número aos outros tipos de centro.

As nenas, nenos e adolescentes formalizarán a súa candidatura a través do centro de ensino ao que pertencen. En todo caso, deberase acompañar dun documento asinado, co visto e prace dos seus proxenitores, titores ou gardadores legais, en que manifesten que coñecen a súa vontade de ser membro ou o seu desexo de participar no CLIAC.

Para a selección das candidaturas organizarse, en primeiro lugar, un proceso de elección interna en cada centro, no caso de existir varias persoas candidatas. Elixirase unha vogal titular e un vogal suplente.

En segundo lugar, se o número de persoas candidatas seleccionadas polos centros excede do número total de vogais do Consello, cada menor realizará unha presentación da súa candidatura ante unha Comisión de Avaliación que elixirá ás persoas que pasarán a formar parte como vogais no CLIAC.

A Comisión de Avaliación estará composta por:

- A Presidencia do CLIAC ou persoa na que delegue.
- A Vicepresidencia do CLIAC.
- A persoa que ocupe o posto de Dirección da Área de Educación do Concello da Coruña.
- A persoa que ocupe o posto de Xefatura de servizo do Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña.



Concello da Coruña

- A persoa que ocupe o posto de Presidencia da Federación de ANPAS da Coruña.
- A persoa que represente aos directores e directoras dos CEIPs públicos da cidade.

Na Comisión elixírase unha vogal e unha suplente por cada centro.

Procurarase a composición paritaria de xénero das persoas membros do Consello.

Artigo 7. Constitución do Consello

Logo da elección dos/as menores vogais, o CLIAC constituirase na primeira sesión que se celebre.

A duración do mandato dos membros do CLIAC coincidirá co propio da Corporación.

Artigo 8. Órganos de funcionamento do CLIAC

Para o seu funcionamento, o CLIAC estará formado polos seguintes órganos:

- a) Presidencia
- b) Vicepresidencia
- c) Pleno
- d) Grupos de traballo
- e) Secretaría

Artigo 9. O Pleno

O Pleno é o órgano máximo do CLIAC. Integran o Pleno:

1. A persoa titular da Presidencia
2. A persoa titular da Vicepresidencia
3. A Secretaría
4. As e os vogais.
5. Un representante político nomeado por cada Grupo Político Municipal, con Voz e sen Voto.



Como convidados/as pola Presidencia, poderán participar no Pleno, con voz pero sen voto:

6. A persoa que ocupe o posto de Dirección da Área de Educación do Concello da Coruña.
7. Direccións de área, asesores/as técnicos ou persoal técnico municipal de calquera área do Concello da Coruña que a Presidencia considere necesario para acadar os obxectivos do CLIAC.
8. Calquera outra persoa ou entidade que sexa convidada pola persoa titular da Alcaldía cando o crea conveniente por se tratar de persoas ou entidades con coñecemento ou recoñecido prestixio sobre unha materia que vaia ser obxecto de debate e análise.

Artigo 10. Funcións do Pleno

No Pleno débátese os problemas, proxectos e as demais cuestións de interese para os nenos, nenas e adolescentes desta cidade que sexan traídos a debate e votación polas persoas vogais e aqueles outros que achegue a comunidade educativa ao Concello da Coruña a través da Concellaría de Educación.

Artigo 11. Clases de sesións

- a) Ordinarias: semestralmente. No primeiro Pleno de constitución do CLIAC establecerase o mes no que quedarán marcadas no calendario as sesións ordinarias anuais.
- b) Extraordinarias: serán convocadas pola Presidencia, xa sexa a iniciativa propia ou por decisión dos grupos de traballo do CLIAC.

Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesións

A convocatoria das sesións e a orde do día correspondente seralle comunicada ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de 1 mes e a través do centro de ensino do que dependan.

Artigo 13. Quórum

Entenderase validamente constituído o Pleno cando estean presentes, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos/as integrantes. Se non se alcanzase ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.



Concello da Coruña

En todo caso, para que estea validamente constituído, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e de que se adopten os acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Vicepresidencia e da Secretaría.

Artigo 14. Procedemento do voto

O voto será persoal e non delegable, e será exercido pola persoa vogal titular ou pola súa suplente, se a tiver.

O voto será público e poderá ser favorable, contrario ou de abstención.

Os acordos ou propostas expresados mediante o voto adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.

Caso de que o resultado da votación sexa empate, farase unha nova votación. Se persiste o empate, decidirá o sentido do voto da Presidencia.

Artigo 15. Actas

A Secretaría redactará unha Acta de cada sesión, na que se especificará quen son as persoas asistentes, os principais aspectos das deliberacións e os acordos adoptados.

As actas aprobaranse na seguinte sesión. Con todo, a Secretaría poderá emitir unha certificación sobre acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

As actas definitivas serán públicas, publicaranse na páxina web do Concello e estarán a disposición de quen as requira.

Artigo 16. Dereitos e deberes das persoas integrantes do Pleno

As persoas integrantes do Pleno terán os seguintes dereitos:

- Realizar propostas.
- Participar nos debates das sesións, facer propostas e formular preguntas.
- Exercer o seu dereito ao voto e presentar, se fose o caso, o voto particular e expresar os seus motivos.
- Formar parte de calquera dos grupos de traballo que se constitúan.



Concello da Coruña

- Solicitar, a través da Secretaría, certificacións de acordos das sesións dos órganos do Consello.
- Desenvolver cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de integrante do Consello.

As ditas persoas terán, ademais, os seguintes deberes:

- Cumprir as normas de funcionamento do CLIAC e os acordos adoptados polos seus órganos.

- Tratar con respecto á todas as persoas integrantes do CLIAC, escoitalos e valorar as súas opinións e ideas e non ter conductas ou realizar actividades ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do CLIAC.

- Asistir ao Pleno nas sesións que se lles convoque, salvo causa xustificada. Os/as vogais pertencentes ao Pleno que non asistan ás sesións sen xustificación, poderán causar baixa no CLIAC e ser substituídos polo suplente.

Artigo 17. Os grupos de traballo

Os grupos de traballo son órganos do CLIAC para estudar e traballar sobre asuntos concretos, que teñen como función trasladar propostas que se consideren convenientes para os fins asignados.

O Pleno determinará, na súa constitución, os tipos de grupos de traballo, as persoas integrantes e a finalidade de cada unha.

Os grupos de traballo poden ir variando ao longo do mandato do CLIAC, en función das necesidades que vaian xurdindo.

O número de persoas que deben formar parte dun grupo de traballo non poderá ser inferior a cinco (5) nin superior a dez (10).

Os/as vogais pertencentes aos grupos de traballo que non asistan ás sesións sen xustificación, poderán causar baixa do dito grupo e ser substituídos polo suplente.

En todos os grupos de traballo deberá participar unha persoa funcionaria do Concello da Coruña, que sexa nomeada pola persoa titular da Alcaldía ou pola persoa titular da concellaría/área con competencias en materia de Educación. O labor desta persoa funcionaria será impulsar e ordenar os traballos do grupo. En todo caso, asistirá unha persoa que forme parte do equipo dinamizador do CLIAC.



Concello da Coruña

Poderán asistir, se así o considera, a Presidencia ou Vicepresidencia do CLIAC.

Para constituír un grupo de traballo, deberán asistir a maioría absoluta das persoas que o conforman, en primeira convocatoria. De non se alcanzar ese quórum, a sesión quedará adiada.

Os acordos que deba adoptar cada grupo de traballo para lle seren remitidos posteriormente ao Pleno deben ser aprobados por maioría simple. En caso de empate na votación, decidirá o sentido do voto da Presidencia.

Artigo 18. Equipo dinamizador

O equipo dinamizador estará composto por dous/dúas empregados/as públicos de perfil técnico cualificado, con coñecementos no enfoque dos dereitos da infancia e con experiencia no traballo con nenos e nenas e adolescentes, adscritos á Área de Educación do Concello da Coruña, e designados pola persoa titulara da Concellaría de Educación.

Este equipo estará apoiado en todo momento por unha empresa de servizos especializada.

O equipo dinamizador terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Proporcionar soporte técnico, asesoramento, acompañamento e control dos recursos materiais e persoais para o funcionamento do Consello.
- b) Dar traslado á Vicepresidencia de calquera proposta que se lles presente fora do ámbito de funcionamento normal do CLIAC.
- c) Dinamizar o CLIAC, para o cal poderán estar apoiados por unha empresa de servizos especializada.
- d) Acompañar no seu funcionamento aos grupos de traballo e ao Pleno.

Os adultos dinamizadores terán voz pero non voto.

O equipo dinamizador absterase, en todo caso, de influír na actuación do Consello, sen prexuízo das aclaracións e suxestións que deriven das súas funcións de apoio técnico e asesoramento.

DIPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira. Naquilo que non se atope recollido nestas normas, o funcionamento do Consello Local da Infancia e Adolescencia da Coruña e dos seus órganos rexerase en primeiro lugar pola lexislación básica en materia de réxime local, en especial pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como polo Regulamento orgánico municipal.



Supletoriamente, rexerase pola lexislación básica estatal en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, nomeadamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DISPOSICIÓN FINAL E ENTRADA EN VIGOR

Estas normas entrarán en vigor cando transcorran quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez aprobadas polo Pleno do Concello da Coruña.

Tamén se publicarán, para coñecemento xeral, no portal de transparencia do Concello da Coruña e na páxina en liña de Educación.